



## EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 1 de outubro de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

### **ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

### **Lista de Asistentes**

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

### **SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

### **INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 1 de outubro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 24/09/2018, que se aprobou por unanimidade.

### **Propuestas**

#### **ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

##### **PRP2018/4180**

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Jesús García Suárez, en representación de **Distribuidora Internacional de Alimentación SA**, solicitando o repintado da sinalización vial de reserva de espazo en Tv. As Carolinas.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o repintado da reserva para carga e descarga sen horario, de 18 m. lineais, xunto á beirarrúa lateral do Supermercado DIA na Tv. As Carolinas, da que xa dispoñía dende fai anos e pola que ven aboando a correspondente taxa.

##### **PRP2018/4182**

Vista a proposta da Inspectora Principal Xefa da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SAIMA SEGURIDAD SA** para a realización dun “curso de formación sobre funcionamento de cinemómetros velolaser” dirixido ao persoal da Policía Local, por un importe total de 3.932,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.16200. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

##### **PRP2018/4329**

Dáse conta do escrito presentado por D. Carlos Godoy Casalderrey, en representación de **Asociación AMENCER – ASPACE – Centro Princesa Letizia**, solicitando autorización para



ocupación de vía pública na Praza de Galicia, o día 3 de outubro, en horario de 10:30 a 13:30, con motivo da celebración do Día Mundial da Parálise Cerebral.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2018/4333**

Dáse conta do escrito presentado por **D. Pedro Rafael Calvo Pérez** solicitando ocupación de vía pública, os venres, sabados e domingos, diante do establecemento situado en Avda. Mariña nº 76-Baixo, dedicado a alugueiro de vehículos de mobilidade persoal.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada.

#### **PRP2018/4334**

Visto o informe da Policía Local en relación coa necesidade de mellorar a sinalización horizontal e vertical da Rúa A Concha, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao repintado da sinalización existente, pintado dunha cuadrícula no fondo sen saída a vía pública e novas frechas de dirección, materialización do carril, e colocación de sinal R-400.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez) e Policía Local.

#### **PRP2018/4335**

Dáse conta do escrito presentado por **D. Miguel Angel Martínez Díaz** en nome propio e en representación de varios propietarios de inmobles situados en Camiño do Río de Cea (Bouza de Cea) en relación con deficiencias existentes no citado lugar.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación de sinais verticais S15 e R204, nos puntos indicados en informe adxunto.

Acordase así mesmo dar conta ao Servizo de Alumeado Público en relación coa existencia dun poste, aparentemente de teléfonos, que ten instalada unha luminaria e que podería desprazarse co fin de dar mais amplitude ao camiño.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez), Policía Local e Alumeado Público.

#### **PRP2018/4336**

Dáse conta do escrito presentado por D. Joaquín Crespo Fontán, en representación de **Conservas Portomar SL**, solicitando autorización para a poda das árbores situadas no perímetro lateral e posterior das instalacións da citada Empresa, no Polígono do Pousadoiro.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle para que procedan á xestión da biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros, debendo adoptar as medidas de seguridade que sexan precisas para a realización dos traballos, de conformidade coa Instrución 1/2018, do 26 de abril, da



Consellería do Medio Rural, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigacións de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

#### **PRP2018/4337**

Vista a proposta do Xefe do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SEPYMEDICAL SLU** para o subministro dun desfibrilador semi automático, para o Servizo de Praias, por avaría do existente, e para reposición do mesmo, por un importe total de 1.560,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/4339**

Dáse conta do recurso de reposición presentado por **Dona Rosa María Tourís García e outros**, en relación ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de xullo de 2018 de adopción de medidas e sinalización na Tv. Pablo Picasso.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda deixar en suspenso o citado acordo co fin de facer un estudo en profundidade, que contemple a construción de beirarrúa e paso elevado. Así mesmo poderíanse facer aforos e controis de velocidade para recabar o máximo de datos necesarios para proceder á correcta sinalización e adopción de medidas correspondentes.

#### **PRP2018/4340**

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Natividad Fortes Eire** en relación coa sinalización nas Rúas Travesía Carballeira e Rúa Sobreira.

Dáse conta de informe da Policía Local. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e dado que efectivamente non hai placa co nome da Rúa Travesía da Carballeira, na Bouza de Cea, procederase á súa instalación tan pronto sexa posible.

En canto á velocidade da rúa, a limitación da mesma é a xenérica (50 km/h).

Dar conta á Policía Local.

#### **PRP2018/4341**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2018 de aprobación orzamento de **Unión Fenosa Distribución SA** para dereitos de acometida para a Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, figurando no mesmo:

.... por un importe de 1.309,64 € (IVE incluído)

E debendo figurar

.... por un importe de 1.082,34 € (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

#### **PRP2018/4342**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rut Pedreira Currás, en representación da **Asociación MÁMOA**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de



Galicia o día 10 de outubro, en horario de 17:00 a 20:00 horas así como a cesión dunha carpa, unha mesa e 20 cadeiras, con motivo da celebración da Semana da lactación materna entre o 8 e o 11 de outubro.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2018/4343**

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coas queixas de veciños pola colocación de colectores de lixo que restan visibilidade na intersección da Rúa Manuel Antonio e Rúa Fernández Mato, e indicando que hai colectores colocados noutros puntos que tamén restan visibilidade, poñendo en perigo aos usuarios da vía pública, especialmente aos peóns.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e adoptaranse as medidas oportunas en relación co colector da Rúa Manuel Antonio.

En relación ao resto dos colectores, está pendente a nova adxudicación do Servizo de Recollida, polo que no seu momento se procederá á reordenación que se considere mais oportuna.

Dar conta a CESP.A.

#### **PRP2018/4398**

Visto o escrito remitido pola Delegación Provincial de Pontevedra do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización dunha exposición sobre a obra do Arquitecto Pontevedrés D. Alejandro de la Sota Martínez, por un importe total de 1.289,51 €, con cargo á partida 334.22609 (8 cubos de 1,5 m x 1,5 m de lado x 2,00 m de alto):

- Transporte: 500,00 € (máis IVE)
- Montaxe e desmontaxe: 565,71 € (máis IVE)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL**

### **Benestar Social**

#### **PRP2018/4359**

Dáse conta da Lista Definitiva de admitidos e rexeitados no Programa de Conciliatardes – Tardes coa Infancia, para o curso 2018/2019, acordada na Comisión de Baremación reunida o día 26 de setembro e elaborada conforme ao baremo establecido nas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local de 18 de xuño de 2018.



A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a citada lista definitiva.

**PRP2018/4360**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aproba-la lista de agarda da Escola Infantil Municipal para o vindeiro curso 2018/2019, do grupo de Bebés nados unha vez finalizado o prazo de solicitudes, tal como se reflicte no informe da Traballadora Social.

**PRP2018/4361**

Dáse conta da presentación, o día 13 de setembro, da solicitude de axuda ao abeiro da orde de 4 de abril de 2018, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para actuacións encamiñadas á protección de animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**Emprego**

**PRP2018/4362**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización do proxecto de Actividade Económica no Concello de Vilagarcía de Arousa. Análise, factores de competitividade e propostas, e a súa adxudicación á Empresa **CRAFTIUM CONSULTORES SL**, por un importe total de 12.705,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 433.22706, coa seguinte desagregación:

- Con cargo ao orzamento de 2018, por importe de 6.352,50 €
- Con cargo ao orzamento de 2019, por importe de 6.352,50 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2018/4363**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **Dona Rosa María Fresco Rodríguez**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 938,65 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

**PRP2018/4364**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **D. Ruben Fernández Novoa**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 1.506,59 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.



No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

## ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### Educación

#### PRP2018/4365

Vista a solicitude da **Asociación de Diminuídos Psíquicos “Con Eles”**, e a proposta da Directora da Biblioteca, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o uso do vestíbulo da Casa de Cultura para a realización da actividade “Clube de lectura doada”, os xoves, dende o 4 de outubro de 2018 ata o 6 de xuño de 2019, en horario de 11:30 a 12:30 horas.

## ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### Xuventude

#### PRP2018/4391

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal para o exercicio 2018-2019 da Deputación Provincial de Pontevedra (liña 2), facendo constar:

#### PRIMEIRO:

Que Do proxecto denominado TECNOLOXÍAS EMERXENTES: FORMACIÓN E CAMPAMENTO URBANO – TECNOVERÁN 2018, se realizou a parte campamental, cun total de 25 horas, no mes de xullo, tal e como consta na memoria xustificativa e non se levou a cabo a parte formativa, debido á non cobertura das prazas.

Que se realizou esta parte do programa de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención.

Que os gastos que figuran na presente conta xustificativa se realizaron e aplicaron á actividade subvencionada, quedando á disposición da Deputación para o seu exame, de se considerar oportuno, o xustificantes correspondentes.

#### SEGUNDO:

O concepto e contía correspondente ao gasto total soportado polo Concello, entidade beneficiaria, imputable á actuación subvencionada, é o seguinte:

Nº Fra.	Data	proveedor	cif	Concepto	importe	data de pagamento
1-2018	24/07/2018	ASOCIACIÓN SOCIOEDUCATIVA E CULTURAL O NÚCLEO	G94132974	TECNOVERÁN CAMPAMENTO TECNOLÓXICO 2-6 de xullo de 2018 en Tecnoloxías Emerxentes	2.500,00 €	22/08/2018

**TERCEIRO:** O conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para este mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, independentemente da concedida ao abeiro desta orde, son as seguintes:

ENTIDADE CONCEDENTE	CANTIDADE SOLICITADA	CANTIDADE CONCEDIDA

NINGUNHA OUTRA AXUDA

#### CUARTO

O Concello de Vilagarcía de Arousa declara estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma

#### QUINTO





Que se lle deu difusión á subvención obtida facendo constar a colaboración da Deputación, a través da páxina web do Concello e da correspondente cartelería.

## **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **Turismo**

#### **PRP2018/4374**

Vista a proposta da Concellería de Turismo, en relación coa xustificación da subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galicia para a Festa da Ameixa 2018, e tendo en conta que ABANCA tamén contribuíu ao financiamento da citada Festa con 1.500 €, mediante a sinatura do correspondente convenio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao abeiro das bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, facendo constar:

**Primeiro:** O importe total da subvención destínase á finalidade para a que foi concedida.

**Segundo:** Os conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo concello, imputables á actuación subvencionada, son os seguintes:

ACREEDOR	NºFRA.	CIF	CONCEPTO	IMPORTE
COFRARÍA DE PESCADORES "SANTIAGO APOSTOL DE CARRIL"	1/FA	G36012813	187,01 KG de ameixa	3.000,00€
BAÑOS RPINT, S.L.	189	B36252872	Subm. Diverso material (diplomas, carteis, folletos, vales, etc)	1.977,45€

#### **PRP2018/4375**

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra autorizando o gasto de 6.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 18/433.4320.462,04 e aproba o convenio entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa para levar a cabo a celebración das Festas de San Roque 2018, figurando no mesmo un orzamento máximo de 46.000 € desagregado do seguinte xeito:

CONCEPTO	IMPORTE (IVE INCLUÍDO)
Orquestras	26.000,00 €
Publicidade en medios, carteis e programas	8.000,00 €
Desfile de Carrozas	12.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>46.000,00 €</b>

A xustificación da subvención deberá realizarse no prazo de tres meses dende a finalización da actividade ou dende a firma do convenio.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

## **ASUNTOS DE CULTURA**

#### **PRP2018/4376**

Vista a solicitude de **D. José María Mato Campos**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario do Auditorio Municipal os días 9, 16 e 30 de outubro; 6, 20 e 27 de novembro de 2018, en horario de 19:00 a 21:00 horas co fin de realizar un curso de alimentación san, que consta de 12 módulos de formación, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.



Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Seminario: 12 horas x 10,20 €/hora = 122,40 €

Dar conta ao Departamento de Rendado.

#### **PRP2018/4377**

Vista a solicitude de **D. José Manuel Vázquez Forno**, en representación de **A Viradeira Producións SL** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 3 de novembro, durante todo o día para a celebración do show de humor e musical "Noites de Estrelas", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

Así mesmo comunícaselle que será a cargo do solicitante o gasto bancario ou de correos correspondente ao ingreso de recadación de venda de entradas en taquilla.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

<b>ESPAZO</b>	<b>DIAS/HORAS</b>	<b>PREZO DÍA/HORA</b>	<b>IMPORTE TOTAL</b>
Salón de Actos do Auditorio	1 día	264,70 €	264,70 €
Persoal de taquilla	2 persoas: 4 h x 2 = 8	10,20 €	81,60 €
Responsable de Sala	10 h. (estimativas)	10,20 €	102,00 €
2 Operarios (carga e descarga, montaxe, control de entradas)	8 h. (estimativas)	10,20 €	163,20 €
<b>TOTAL</b>			<b>611,50 €</b>

Dar conta ao Departamento de Rendado.

#### **PRP2018/4378**

Vista a solicitude De **D. Luis Ramón Rey Buezas**, en representación de **Federación Asociacións Consumo Alcohol**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García os días 17 e 18 de novembro, durante todo o día, para a celebración dunhas xornadas con todas a Asociacións de Galicia de Alcohólicos Rehabilitados, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.





Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 242 butacas).

#### **PRP2018/4379**

Vista a solicitude do **Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 2 do Auditorio Municipal, os días 20, 30 e 31 de outubro; 5, 6, 7, 8, 9, 12, 13, 14, 15 e 16 de novembro de 2018, en horario de 16:00 a 20:00 horas, para a impartición dun curso de auxiliar de carnicería e charcutería, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2018/4380**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á actuación dos seguintes grupos en Vilaxoán, o día 8 de outubro, con motivo da celebración das Festas do Rosario, con cargo á partida 334.22609:

- Daniel Barreiro Garrido ( **Dani Barreiro & Kids**): 544,50 € (IVE incluído).
- Asociación Cultural Versión B (**TNT BAND**): 200,00 € (IVE exento)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/4381**

Vista a solicitude de Don José Artiaga Barreira en representación de **Fundación Artiaga**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería, os días 6, 7 e 8 de decembro de 2018, durante todo o día, para a celebración dunha actividade multidisciplinar MercArt do Programa AAN, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

**A presente autorización concédese en precario e condicionada a que por parte do Concello se programe algunha actividade na citada Instalación.**

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.



## **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

### **PRP2018/4382**

Dáse conta do expediente de contratación CT 15/2018-e tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado previsto no Art. 159.6 da Lei de Contratos do Sector Público para adxudicar o contrato de subministro denominado “Instalación de caldeira de Biomasa na Casa de Cultura de Trabanca Badiña”, cofinanciado polo INEGA, dentro do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo FEDER GALICIA 2014-2020, cun prezo de licitación de 23.469,00 € (sen IVE) ao que corresponde un IVE de 4.928,49 € (21%), dando un total de 28.397,49 € (IVE incluído).

Dáse conta das ofertas presentadas, seguintes:

#### **CIF: B36492510 INSTALACIONES NURMEL, S.L.:**

- Aumento prazo de garantía: Valor introducido polo licitador: Prazo garantía ofertado 5 anos  
Valor aportado pola mesa: Prazo garantía ofertado 5 años Puntuación: 75.0 Motivo: Aplicación criterio valoración PCAP.

- Oferta económica- Prezo: Valor introducido polo licitador: 22.840,00€ (Sen IVE) Valor aportado pola mesa: 22.840,00€ (sen IVE) Puntuación: 4.32 Motivo: Aplicación fórmula valoración contida en PCAP.

#### **CIF: B36965234 PROTSOLAR SLU:**

- Aumento prazo de garantía: Valor introducido polo licitador: Aumento do prazo de garantía ofertado 5 anos Valor aportado pola mesa: Aumento do prazo de garantía ofertado 5 anos Puntuación: 75.0 Motivo: Aplicación criterio valoración PCAP

- Oferta económica -Prezo Valor introducido polo licitador: 19.825,62 € (Sen IVE) Valor aportado pola mesa: 19.825,62 (Sen IVA) Puntuación: 25.0 Motivo: Aplicación fórmula valoración contida en PCAP

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, o órgano de contratación conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

#### **Orde: 1 CIF: B36965234 PROTSOLAR SLU . Proposto para a adxudicación**

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100.0

Total puntuación: 100.0

#### **Orde: 2 CIF: B36492510 INSTALACIÓN NURMEL, S. L.**

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 79.32

Total puntuación: 79.32

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato denominado “ Subministro e instalación de caldeira de biomasa na Casa de Cultura de Trabanca Badiña” ( Expte.: CT 15/2018-e) a **PROTSOLAR SLU**, que ofrece unha caldeira marca OKOFEN, modelo: Pellematic PES 64 kW, potencia: 64 kW, de conformidade coa súa oferta, polo prezo de 19.825,62 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 4.163,38 €, o que totaliza unha oferta de 23.989,00 € (IVE 21% incluído) e un aumento do prazo de garantía de 5 anos (polo que o prazo total de garantía será de 5 anos e seis meses), con cargo a partida 334.63200 (Prox 2: 2/30/2018).

### **PRP2018/4410**

Dáse conta do expediente de contratación CT 16/2018-e tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado previsto no Art. 159.6 da Lei de Contratos do Sector Público para adxudicar o contrato de subministro denominado “Instalación de caldeira de Biomasa na Casa de Cultura de Bamio”, cofinanciado polo INEGA, dentro do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo FEDER GALICIA 2014-2020,



cun prezo de licitación de 11.209,00 € (sen IVE) ao que corresponde un IVE de 2.353,89 € (21%), dando un total de 13.562,89 € (IVE incluído).

Dáse conta das ofertas presentadas, seguintes:

**CIF: B36492510 INSTALACIONES NURMEL, S.L.:**

- Aumento prazo de garantía: Valor introducido polo licitador: Prazo garantía ofertado 5 anos  
Valor aportado pola mesa: Prazo garantía ofertado 5 años Puntuación: 75.0 Motivo:  
Aplicación criterio valoración PCAP.

- Oferta económica- Prezo: Valor introducido polo licitador: 9.895,80 € (Sen IVE) Valor  
aportado pola mesa: 9.895,80€ (sen IVE) Puntuación: 12,44 Motivo: Aplicación fórmula  
valoración contida en PCAP.

**CIF: B36965234 PROTSOLAR SLU:**

- Aumento prazo de garantía: Valor introducido polo licitador: Aumento do prazo de garantía  
ofertado 5 anos Valor aportado pola mesa: Aumento do prazo de garantía ofertado 5 anos  
Puntuación: 75.0 Motivo: Aplicación criterio valoración PCAP

- Oferta económica -Prezo Valor introducido polo licitador: 8.570,77 € (Sen IVE) Valor  
aportado pola mesa: 8.570,77 (Sen IVA) Puntuación: 25.0 Motivo: Aplicación fórmula  
valoración contida en PCAP

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, o órgano de contratación  
conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás  
puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

**Orde: 1 CIF: B36965234 PROTSOLAR SLU . Proposto para a adxudicación**

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100.0

Total puntuación: 100.0

**Orde: 2 CIF: B36492510 INSTALACIÓN NURMEL, S. L.**

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 87.44

Total puntuación: 87.44

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato denominado “ Subministro e  
instalación de caldeira de biomasa na Casa de Cultura de Bamio” ( Expte.: CT 16/2018-e) a  
**PROTSOLAR SLU**, que ofrece unha caldeira marca EASYPELL, modelo: V32E, potencia:  
32 kW, de conformidade coa súa oferta, polo prezo de 8.570,77 € (sen IVE), ao que  
corresponde un IVE (21%) de 1.799,86 €, o que totaliza unha oferta de 10.370,63 € (IVE 21%  
incluído) e un aumento do prazo de garantía de 5 anos (polo que o prazo total de garantía será  
de 5 anos e seis meses), con cargo a partida 334.63200 (Prox 2: 2/30/2018).

**PRP2018/4411**

Dáse conta do expediente de contratación CT 17/2018-e tramitado mediante Procedemento  
Aberto Simplificado previsto no Art. 159.6 da Lei de Contratos do Sector Público para  
adxudicar o contrato de subministro denominado “Instalación de caldeira de Biomasa na Casa  
de Cultura de Rubiáns”, cofinanciado polo INEGA, dentro do Fondo Europeo de  
Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo FEDER GALICIA 2014-2020,  
cun prezo de licitación de 23.469,00 € (sen IVE) ao que corresponde un IVE de 4.928,49 €  
(21%), dando un total de 28.397,49 € (IVE incluído).

Dáse conta das ofertas presentadas, seguintes:

**CIF: B36492510 INSTALACIONES NURMEL, S.L.:**

- Aumento prazo de garantía: Valor introducido polo licitador: Prazo garantía ofertado 5 anos  
Valor aportado pola mesa: Prazo garantía ofertado 5 años Puntuación: 75.0 Motivo:  
Aplicación criterio valoración PCAP.



- Oferta económica- Prezo: Valor introducido polo licitador: 22,840,00 € (Sen IVE) Valor aportado pola mesa: 22.840,00 € (sen IVE) Puntuación: 3.6 Motivo: Aplicación fórmula valoración contida en PCAP.

**CIF: B36965234 PROTOSOLAR SLU:**

- Aumento prazo de garantía: Valor introducido polo licitador: Aumento do prazo de garantía ofertado 5 anos Valor aportado pola mesa: Aumento do prazo de garantía ofertado 5 anos Puntuación: 75.0 Motivo: Aplicación criterio valoración PCAP

- Oferta económica -Prezo Valor introducido polo licitador: 19.100,29 € (Sen IVE) Valor aportado pola mesa: 19.100,29 (Sen IVA) Puntuación: 25.0 Motivo: Aplicación fórmula valoración contida en PCAP

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, o órgano de contratación conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

**Orde: 1 CIF: B36965234 PROTOSOLAR SLU . Proposto para a adxudicación**

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100.0

Total puntuación: 100.0

**Orde: 2 CIF: B36492510 INSTALACIÓNS NURMEL, S. L.**

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 78.6

Total puntuación: 78.6

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato denominado “ Subministro e instalación de caldeira de biomasa na Casa de Cultura de Rubiáns” ( Expte.: CT 17/2018-e) a **PROTOSOLAR SLU**, que ofrece unha caldeira marca OKOFEN, modelo: Pellematic PES 64 kW, potencia: 64 kW, de conformidade coa súa oferta, polo prezo de 19.100,29 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 4.011,06 €, o que totaliza unha oferta de 23.111,35 € (IVE 21% incluído) e un aumento do prazo de garantía de 5 anos (polo que o prazo total de garantía será de 5 anos e seis meses), con cargo a partida 334.63200 (Prox 2: 2/30/2018).

**PRP2018/4383**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto técnico denominado “1ª Fase da Humanización da Rúa Cervantes en Carril”, redactado pola Arquitecta dona Lucía Araujo Castiñeiras, cun orzamento de 313.162,44 € (IVE incluído).

Proxecto 2 DUSI N° 01/11/18).

**PRP2018/4384**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o proxecto técnico denominado “Humanización da Rúa Vázquez Leis en Vilaxoán”, redactado polo Arquitecto D. Juan Antonio Villanueva Ruíz, cun orzamento de 287.624,76 € (IVE incluído).

- Modificar a solicitude de subvención presentada ante a Deputación Provincial con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, no seguinte senso:

- Orzamento de licitación (IVE engadido): 287.624,76 €
- Solicitude de subvención á Deputación Provincial con cargo ao Plan Concellos: 150.219,46 €
- Financiamento con cargo aos Fondos FEDER, DUSI – Liña de actuación (VGL\_LA13\_RECEPS) AGR RECUPERACIÓN DE ESPACIOS PÚBLICOS IMPULSANDO LAS ACTIVIDADES EN COMUN: 137.405,30 € (Partida 134.6190017) (Proxecto 2 DUSI N° 02/11/18)



#### **PRP2018/4386**

Dáse conta do informe emitido por D. Javier Montero Pérez, en representación de **Lumieira Rehabilitación e Renovación Urbana SL**, no que indica que das 16 solicitudes presentadas na última convocatoria se tramitaron ao IGVS para a cualificación provisional un total de 11 expedientes de Rehabilitación Protexida: 3 expedientes no núcleo de Vilaxoán; 2 expedientes no núcleo de Casco Vello e 6 expedientes no núcleo de Carril.

Así mesmo, das 16 solicitudes presentadas na última convocatoria, un total de 5 expedientes non foron tramitados para a súa cualificación provisional polas causas que indica no citado informe. (non presentar orzamento de obra, non solicitar licenza, non presentar documentación, etc)

Para os 11 expedientes o prazo de execución das obras remata o 31 de decembro de 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Xerencia de Urbanismo para que continúen coa tramitación dos expedientes, é dicir, unha vez que o IGVS outorgue a conformidade á cualificación provisional dos 11 expedientes, procede que pola Xerencia se comprobe o estado de execución das obras, que de estar rematadas, procedería emitir a cualificación definitiva.

#### **PRP2018/4387**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 20 de setembro de 2018, seguinte:

1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “PROYECTO MODIFICADO CONSTRUCCIÓN DE ESCOLA INFANTIL EN VILAXOÁN” redactado polo Arquitecto D. Iago Fernández Puentes e o Arquitecto Técnico D. Joaquín Lustres Carregal e que supón un incremento do 9,721488% do orzamento do proxecto primitivo, sendo os datos do mesmo os seguintes:

Orzamento de contrata de licitación: 701.480,00 €

Orzamento de adxudicación proxecto orixinal: 589.163,74 € (con IVE)

Total orzamento de contrata modificado: 646.439,22 € (con IVE)

Diferenza total: 57.275,48 €.

2. Solicitar á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra a financiación do citado “PROYECTO MODIFICADO CONSTRUCCIÓN DE ESCOLA INFANTIL DE VILAXOÁN, que ascende á contía de 57.245,48 € (IVE incluído), con cargo á baixa habida na adxudicación do contrato de obra de CONSTRUCCIÓN DE ESCOLA INFANTIL DE VILAXOÁN, financiada pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ó Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2018/4392**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, e con motivo dos cambios realizados no tráfico no casco urbano, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **Globalia Urbanismo Integral SL** o subministro dunha marquesiña Aureo de 4 módulos para a súa instalación na Rúa Alexandre Bóveda, por un importe total de 14.278,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.62500, de conformidade coa oferta presentada. (Prox. 2: 03/36/2017)

#### **PRP2018/4393**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **D. Fernando Puceiro Bouzas**, a redacción do proxecto de demolición de vivenda en Avda. López Ballesteros, de conformidade co orzamento de honorarios presentada, por un importe total de 1.452,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640.





Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

### PRP2018/4400

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 4.977,49 €, con cargo ás partidas que se indican (Rel. F/2018/125):

Nº Rexistro Factura	Aplicación	Importe	Nome Ter.	Texto Libre	Doc.
F/2018/6687	2018 432 22602	1.977,49	BAÑOS PRINT, S.L.	CARTELES NUMEROS PLATOS / DIPLOMAS / DIPLOMAS PREGONERO / ACREDITACIONES / CARTELES VINILO PRECIOS / CARTEL VIINILO DE I	Emit- 189
F/2018/7503	2018 432 22612	3.000,00	COFRA. PESCAD. SANTIAGO APOS	SUBMINISTRO AMEIXA PARA A XXVI EDICION DA FESTA DA AMEIXA DE CARRIL 2018. TURISMO.	1/FA
<b>TOTAL</b>		<b>4.977,49</b>			

### PRP2018/4404

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Aridos del Umia SAU**, polo importe de 528,61 €, da factura 18/1181 (Rex. 18/6692), correspondente a subministro de zahorra, con cargo á partida orzamentaria 133.210.

### PRP2018/4405

Visto o informe-proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda validar o gasto correspondente a subministro de materiais para prepara-los aparcamentos disuasorios en O Rial, Os Duráns, Trabanca Sardiñeira e Preguntoiro-Vilaxoán. Acórdase así mesmo o recoñecemento de obrigación a favor de **Áridos del Umia SAU**, polo importe de 4.937,22 € (IVE incluído), da factura 2018/1266, con cargo á partida orzamentaria 133.210.

### PRP2018/4406

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 17.723,83 €, con cargo ás partidas que se indican (Rel. F/2018/99):

Nº Rexistro Factura	Aplicación	Importe	Nome Ter.	Texto Libre	Docum.
F/2018/5490	2018 432 22200	67,78	R CABLE Y TELECOM. GALICIA, S.A	986566176 mambo negocio / 986566176 chamadas locais / 986566176 chamadas Galicia / 986566176 chamadas a móbiles / 9865	R31000167919
F/2018/5491	2018 2311 22200	21,60	R CABLE Y TELECOM. GALICIA, S.A	986507970 combo peme 4 liñas / 986185743 liña profesional / 986507970 chamadas locais / 986507970 chamadas Galicia /	R31000167918
F/2018/5491	2018 2311 22200	248,40	R CABLE Y TELECOM. GALICIA, S.A	986507970 combo peme 4 liñas / 986185743 liña profesional / 986507970 chamadas locais / 986507970 chamadas Galicia /	R31000167918
F/2018/5492	2018 432 22200	70,31	R CABLE Y TELECOM. GALICIA, S.A	986501227 mambo negocio / 986501227 chamadas locais / 986501227 chamadas Galicia / 986501227 chamadas fóra de Galicia	R31000167920
F/2018/5493	2018 920 22200	300,08	R CABLE Y TELECOM. GALICIA, S.A	20167285 cable corporativo	R31000165606
F/2018/5494	2018 135 22200	134,89	R CABLE Y TELECOM. GALICIA, S.A	986500112 mambo teléfono despreocupin / 986500112 chamadas a móbiles / 986500112	R31000166631





				desvío se non contesta (ind) / 986500	
F/2018/5614	2018 920 22200	77,40	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986511986 - Periodo regular de cuotas (01 Jul. a 31 Jul. 18) - Internet - Dire	TA5ZD0094141
F/2018/5615	2018 920 22200	68,00	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986555900 - Periodo regular de cuotas (01 Jul. a 31 Jul. 18) - Internet - Dire	TA5ZD0094132
F/2018/5616	2018 920 22200	17,82	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986511012 - Periodo regular de cuotas (01 Jul. a 31 Jul. 18) Periodo regular d	TA5ZD0094099
F/2018/5617	2018 920 22200	82,30	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986501691 - Periodo regular de cuotas (01 Jul. a 31 Jul. 18) - Internet - Dire	TA5ZD0094124
F/2018/5618	2018 920 22200	45,67	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986566418 - Periodo regular de cuotas (01 Jul. a 31 Jul. 18) Periodo regular d	TA5ZD0094116
